

D I A S

7

■ Congreso de *Mulleres Escritoras*

Desde o 1 de Xuño abriuse o prazo de matrícula para o «Encontro Internacional Mulleres Escritoras» que dirixirá no Cámpus de Lugo a escritora e ensaísta Carme Blanco entre os días 27 de Xuño e 1 de Xullo.

No devandito encontro participarán coñecidas especialistas na literatura da muller, procedentes de diversas Universidades, particularmente norteamericanas, como Susana Reiss e Ellen Engelson, de New York; Susan Kirkpatrick, de California; Kathleen N. March, de Maine e Linda Gould Levine de New Jersey. Tamén disertarán María del Carmen Simón Palmer, do CSIC; Marina Mayoral, da Complutense, Aurora López, de Granada e Pilar Vázquez Cuesta, de Santiago de Compostela.

Asimesmo, participarán numerosas escritoras de postguerra como a andaluza Julia Uceda, a catalana Marta Pessarrodonha ou as galegas Pura Vázquez, Luz Pozo, María Xosé Queizán, María do Carme Kruckemberg, Ursula Heinze, Margarita Ledo e Helena Villar.

Os contidos da programación consisten nunha panorámica sobre as mulleres escritoras desde a a Antigüidade grecolatina ao presente galego, contemplando particularmente aqueles fitos indispensábeis para a comprensión do fenómeno no contexto da muller universal - estudarase en particular a Virginia Woolf-, e da muller galega - especialmente Rosalia, a Pardo Bazán e Concepción Arenal. ♦